

O PP e o estado do benestar

■ O PP non ve con bos ollos o estado do benestar, e coa escusa da crise atopou o momento de atacalo



4 **Adela Poisa**
Secretaría de Política Social de CCOO de Galicia

O PP non ve con bos ollos o estado do benestar, e agora, coa escusa da crise, encontrou o momento idóneo para acabar con el. Velái a orixe do noso slogan «queren acabar con todo».

Queren acabar con todo o que signifique que a clase media-baixa e os máis desfavorecidos teñan certo nivel de cobertura das necesidades elementais: contarmos cunha sanidade pública, universal e gratuíta; non morrermos por non poder pagar un tratamento contra o cancro ou unha diálise; termos un ensino público e de calidade, unha pensión coa que mantermos o poder adquisitivo que acadamos mentres traballabamos e para o que cotizamos toda a vida, ou termos as nosas persoas con dependencia atendidas en boas condicións. Estas cousas, entre outras, configuran o estado do benestar que tanto lle estorba ao Partido Popular e por iso «queren acabar con

todo» o que nos permita vivir dignamente.

Tentan convencernos de que é imposible de manter todo isto porque estamos en crise e, polo tanto, o que non se poida privatizar ha desaparecer. Porén, en CCOO sabemos de sobra que a crise se afronta doutro xeito: sen atacar os sectores de poboación máis prexudicados e adoptando outro tipo de medidas, coma tal, o ataque serio á fraude fiscal –en vez de amnistiar os grandes defraudadores–, a posta en marcha de políticas activas de emprego para crear postos de traballo e que os cartos flúan –no canto de aprobar unha reforma laboral que destrúe máis emprego–, garantir o poder adquisitivo das pensións para que a xente poida vivir dignamente, o afianzamento da lei de dependencia para crear postos de traballo, etc.

O PP fai xusto o contrario. Ata certo punto, é normal que

Tentan convencernos de que é imposible de manter todo isto porque estamos en crise e, polo tanto, desaparecerá o que non se poida privatizar. Porén, sabemos que hai alternativas

A solución que quere dar o PP para saír da crise non ten relación coa economía, senón coa ideoloxía, aínda que esta sexa só económica. E se o que fan é ilegal, cambian a lei

actúen así, pois doutro xeito pareceríamos todos o mesmo, e tampouco é cousa de mesturármolos e que se nos confunda.

Os ministros e as ministras dinnos que a situación mellora, que a mocidade non emigra –seica é «mobilidade xeográfica»–, que os salarios non baixan...

Avanzamos polo bo camiño, «todo vai ben», pero, como diría o outro, «segundo para quen».

Alén disto, en Galicia temos un Goberno de faciana máis agradable, pero que fai outro tanto. A única diferenza entre o PP galego e o do Estado é que o de aquí tivo catro anos máis para facer o que desde Madrid impuxeron só nun: como o fixeron máis devagar, semella que se notou menos. Como exemplo, o problema dos comedores escolares que hai no Estado, onde vai que o temos aquí!

A solución que quere dar o PP

para saír da crise non ten relación coa economía, senón coa ideoloxía, aínda que esta sexa puramente económica. A primeira medida que tomou o Goberno de Feijóo foi a supresión da gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio porque non había cartos... Que casualidade! A cantidade subtraída dos libros investiuse en financiar os colexios que segregan por sexo, a pesar de que unha sentenza o prohíbe. O ministro de educación dixo, cando saíu esa sentenza, que se os tribunais non o permiten, cámbiase a lei. Ao Goberno de Galicia non lle fai falla nin cambiar a lei porque, directamente, non aplica a sentenza.

En definitiva, todos os esforzos dos populares están postos en denigrar os servizos públicos para despois privatizalos. Como tamén dicimos en CCOO, «o público é servizo e o privado beneficio»... beneficio que é todo seu!